

ESTUDOS PRELIMINARES PARA O ESTABLECEMENTO DUN PROGRAMA DE AVALIACIÓN PARA A RAZA PORCO CELTA (AC2021C-10)

Con base nos obxectivos parciais do proxecto, obtívose unha serie de resultados que se poden sintetizar do seguinte xeito:

- Colección bibliográfica de máis dun cento de artigos, teses, guías, programas, manuais relacionados coa avaliación xenética animal, tendo como principal obxectivo o porcino e o porco celta.
- Libro xenealóxico depurado dende o 1999, cun total de 41851 rexistros ata xullo de 2021. Conta con 20.564 machos rexistrados, dos cales 564 teñen polo menos un descendente correctamente anotado e 58 con máis de 100 descendentes. Tamén 21.287 femias, das cales 1.907 teñen polo menos un descendente e 33 femias teñen máis de 50 descendentes, cun máximo de 85.
- Protocolo de medición de parámetros de selección do Porco Celta. Seleccionáronse ata 56 parámetros produtivos, reprodutivos e morfolóxicos para rexistrar nas ganderías colaboradoras. Entre eles inclúense 22 caracteres de "morfoloxía e conduta", como a docilidade, a variedade ou os apromos; 21 caracteres relacionados coa "reproducción", como, por exemplo, o número de leitóns nados vivos por parto, o instinto maternal ou o peso da camada á desteta; e 13 caracteres correspondentes á etapa de "engorde", como o peso individual á desteta, o peso aos 10 meses ou o espesor da graxa dorsal aos 10 meses. Paralelamente, deseñáronse unhas follas estatística de rexistro, así como unha programación temporal das actividades que se ía realizar durante o proceso. No último semestre incorporáronse tamén as variables relacionadas coa calidade do canal e da carne, tarefa asumida polo CTC
- Base de datos dos caracteres de selección do Porco Celta, con máis de 500 rexistros pertencentes a 15 ganderías entre abril do 2022 e outubro do 2023.
- Plan de conectividade das ganderías, con tres medidas concretas e factibles para instaurar en futuros programas de avaliación da raza. Estas medidas consisten en fomentar do intercambio de leitóns femias entre ganderías para destinalas á reprodución; crear un catálogo accesible cos principais resultados produtivos dos machos e femias nas súas respectivas ganderías; e avanzar no uso da inseminación artificial mediante o uso e crioconservación do seme dos reprodutores máis destacados.